

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE MAIO DE 2017

**LICENZAS
FAVORABLES.-**

LIC/349/2016.- MARÍA BELÉN RODRÍGUEZ PAZO.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda illada no lugar de Neiro de Abaixo nº 16.

LIC/1787/2016.- SANTIAGO SUR GALICIA, S. L.- Conceder licenza para executar as obras de construción de edificio de 25 vivendas + 25 oficinas en Travesía da Poza nº 12- 16.

LIC/1912/2016.- ÁNGEL CARREIRA DÍAZ.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar adosada en rúa Carballeira de San Lourenzo (da) nº 29.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda illada no lugar de Neiro de Abaixo, nº 16. **LIC/349/2016.** Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar ás obras de construción de edificio de 25 vivendas + 25 oficinas na Travesía da Poza, nº 12-16. **LIC/1787/2016.** Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar adosada na rúa Carballeira de San Lourenzo (da) nº 29. **LIC/1912/2016.** Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á renovación de autobuses na Liña P6 do transporte colectivo urbano de viaxeiros que presta a empresa "AUTOS CARBALLO, S.L.". Autorízase a substitución dos vehículos que veñen prestando o servizo na liña P6 do transporte colectivo urbano de viaxeiros por outras tres unidades máis modernas.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á **contratación urxente da limpeza da marquesiña da Avenida de Xoán XXIII.** Apróbase a actuación de emerxencia da limpeza da marquesiña de vidro para proceder a acometer de xeito inmediato as obras de acondicionamento e reparación da mesma. Acórdase contratar a Vidrotek Soluciones Integrales S.L. para a realización das tarefas de limpeza, pola contía de 14.883 euros, IVE incluído.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á **aprobación das normas de seguridade para a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2017 en espazos públicos e privados.** Apróbanse as normas de seguridade que rexerán para a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2017 en espazos públicos e privados. Estas normas fanse extensivas á celebración de cacharelas durante o mes de xuño, sexa a noite do 23 ou calquera outro día.

8.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á **aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o CENTRO CULTURAL SOCIAL JUAN XXIII DE SANTIAGO - Programa "Mantemento dos servizos do Albergue XOAN XXIII ANO 2017".** Apróbase o texto do convenio, que supón

unha achega do Concello de 60.000 euros.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación das listaxes definitivas de admitidos, excluídos e listaxe de agarda nas escolas infantís municipais de Conxo, Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2017-2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural con competencias na rede de centros socioculturais relativa á prórroga de aluguer do local sito na rúa Santa Cristina nº 22-baixo, para uso sociocultural do casco histórico. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer polo prazo dun ano, a contar desde o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2018. O arrendador e o Concello pactan non revisar o prezo mensual do alugueiro, que queda fixado en 953,82 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á adxudicación do contrato de "concesión de postos na nave número 5 do Mercado de Abastos de Santiago de Compostela". Adxudícase a concesión de uso privativo dos postos nº 2, 3, 4, 5 e 9 da Nave 5 da Praza de Abastos. Adxudícase tamén a concesión de uso privativo do local nº 10 da Nave 5 da Praza de Abastos, estimándose a solicitude do adxudicatario de facer uso da posibilidade recollida no prego de aplicación que establece que cada licitador só poderá ser adxudicatario dun local aínda que podería excepciónarse esta regra se algún deles quedara deserto.

12.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao pagamento de horas extraordinarias. Apróbase o pagamento das gratificacións por servizos extraordinarios, horas extraordinarias e plus de transporte de diversos servizos municipais, correspondentes aos meses de setembro, outubro e novembro de 2016, polos seguintes importes:

- _ Gratificacións por servizos extraordinarios: 111.338,83 euros
- _ Cotización gratificacións por servizos extraordinarios: 26.673,95 euros
- _ Plus de transporte: 690,05 euros
- _ Cotización plus de transporte: 162,85 euros

14.- Proposta da Alcaldía relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para o reforzo do servizo de normalización lingüística. Acórdase solicitar unha axuda de 20.000 euros para o reforzo do servizo de normalización lingüística.

15.- Proposta da Alcaldía relativa á devolución de fianza constituída por mor do "Arrendamento de equipos de iluminación pública de Nadal e instalación nas rúas, prazas e espazos públicos do casco histórico, do Ensanche e das parroquias de Santiago de Compostela durante as festas de NADAL 2015." Apróbase a proposta.

16.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza constituída por mor da "Subministración dun Sistema de Cámaras de Tráfico destinado a obter información puntual a tempo real do control de tráfico, que xestionan os Servizos de Policía Local". Apróbase a proposta.

17.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza constituída por mor do "Servizo de Redacción de Proxecto de Execución e Estudio de Seguridade e Saúde e dirección facultativa superior das Obras de Reurbanización da Zonas das Hortas (ámbito das rúas Raxoi, San Clemente e Trinidad na parte non incluída no FIL)". Apróbase a proposta.

18.- Proposta da alcaldía relativa á devolución de fianza constituída por mor do "Subministro e instalación de material audiovisual para o Centro Xove de Creación Cultural". Apróbase a proposta.

19.- Proposta da alcaldía relativa ao inicio de trámites para a recepción das "Obras de acondicionamento do local para CASA DA MULLER", e nomeamento da representante da administración. Apróbase a proposta.

20.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa de subvención por importe de 3.825 euros.

21.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN DO TRAXE GALEGO. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa de subvención por importe de 3.825 euros.

22.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN CULTURAL O GALO. Apróbase o texto do convenio e a concesión directa de subvención por importe de 2.000 euros.

23.- Dar conta da sinatura da Addenda ao convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Universidade de Santiago para financiar o acondicionamento do campo de fútbol do Campus Vida da USC. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación dos prazos e procedemento de admisión nos servizos de comedor e de madrugadores na rede de centros públicos de Educación Infantil e Primaria para o curso 2017-2018. Apróbanse os prazos de solicitude de reserva de praza e matrícula entre o 2 e o 23 de xuño de 2017, ambos incluídos, nos servizos de comedor e/ou madrugadores nos colexios Apóstolo Santiago, Cardeal Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei, Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e, só no servizo de madrugadores, no CEIP Arquitecto Casas Nova.